



Comunicación: obra menor

Interesado/a									
DNI-NIF/CIF/NIE			Nome e apelidos/Razón social						
Rúa					Núm.	Escaleira	Andar	Porta	
CP	Municipio			Provincia			Teléfono /		
Correo electrónico						Fax			
Representante									
DNI-NIF/NIE			Nome e apelidos						
Rúa					Núm.	Escaleira	Andar	Porta	
CP	Municipio			Provincia			Teléfono /		
Correo electrónico						Fax			
Datos da parcela ou edificación									
Referencia catastral (RC)									
Rúa					Núm./ Km.	Escaleira	Andar	Porta	
Polígono	Parcela		Localización						
Propietario/a da parcela ou edificación						DNI-NIF/CIF/NIE			
Descrición da actividade (por epígrafe do IAE)									
Se non se indica, entenderase que a obra é para unha vivenda									
Descrición das obras					Data de inicio das obras (se non se indica, entenderase que comezan ao día seguinte de presentar a comunicación)				
Orzamento					Número do documento de ingreso				
Orzamento total			Orzamento de execución material						

Para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, AUTORIZO ao Concello a comprobar telematicamente con outras administracións públicas os datos comunicados e demais circunstancias relativas ás obras que se van executar.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____

Rexistro número:
Expediente número:

Presentar esta comunicación habilita para realizar as obras descritas nas datas sinaladas, pero non dispensa de obter as concesións, autorizacións, licenzas ou permisos que impoñan outras normas. **Se a realización das obras ten como finalidade a posta en funcionamento dunha nova actividade ou a modificación dunha actividade previamente autorizada ou comunicada, unha vez finalizadas deberá comunicar, presencial ou telematicamente, a apertura do establecemento.**

O xustificante da presentación acredita o cumprimento das obrigas administrativas, sen prexuízo das responsabilidades dos autores sobre a documentación técnica e as certificacións expedidas, xa que non supón a aprobación técnica por parte do Concello nin prexulga a situación e efectivo acomodo das obras á normativa aplicable. Tampouco limita o exercicio das potestades administrativas de inspección e disciplina para o caso de incumprimento.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta comunicación equivalerá á non presentación e determinará a imposibilidade de continuar realizando a obra desde o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que caiban. Asemade, a resolución municipal que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actuación.

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos municipais de Urbanismo e Servizos Económicos e aos outros do Concello de Santiago relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



Acreditación técnica de obra menor

(Para encher polo/a técnico/a)

Datos do/a técnico/a competente

DOI/CIF		Nome e apelidos/Razón social			
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /	
Fax		Correo electrónico			
Titulación/Colexio Profesional			Número de Colexiado		

A obra descrita na volta e na documentación que se xunta, asinada por min

Ten por destino unha vivenda, ou non altera as condicións (urbanísticas, de tranquilidade, seguridade, salubridade ou accesibilidade) da actividade dun local xa autorizada/declarada/comunicada anteriormente (expediente LAP/___/___)

Ten como fin poñer en marcha unha nova actividade (ou modifica as condicións dunha licenza, declaración responsable ou comunicación previa anterior: expediente LAP/___/___) non sometida a AIA nin incluída no Catálogo de espectáculos

Ten como fin poñer en marcha unha nova actividade (ou modifica as condicións dunha licenza anterior) sometida a avaliación de incidencia ambiental (AIA) ou incluída no Catálogo de espectáculos, nos termos autorizados mediante a licenza outorgada o ___/___/___ (LAP/___/___)

Precisa dirección facultativa
 SI NON

Duración aproximada _____ meses/ _____ días

DECLARO baixo a miña responsabilidade que dispoño do correspondente seguro de responsabilidade civil profesional, ou garantía equivalente, e que non estou inhabilitado/a, nin administrativa nin xudicialmente, nin incurso/a en causa de incompatibilidade profesional para redactar e asinar este documento.

CERTIFICO que as obras descritas na volta e obxecto da documentación que se xunta cumpren toda a normativa urbanística e as ordenanzas municipais de aplicación e que non están suxeitas ao trámite de licenza urbanística previa.

Santiago de Compostela, _____ de _____ 20

(Sinatura do/a técnico/a)

Esta acreditación técnica de obra menor non é necesaria para as seguintes actuacións:

- Mantemento de partes non edificables de parcelas e soares:
 - Limpeza e roza interior de parcelas e soares, sen movementos de terras nin tala de arboredo.
 - Reparación de peches de parcelas sen afeccións estruturais.
 - Peche laterais que non lindan co sistema viario.
- Mantemento de fachadas dos edificios:
 - Reparación e substitución de elementos auxiliares da cuberta (canalóns, baixantes e varandas).
 - Limpeza e pintado de fachadas.
 - Cambio de carpintería exterior, persianas, varandas ou similares.
 - Modificación de revestimento de locais ou vivendas.
- Mantemento de cubertas de edificios:

Reparación ou substitución puntual de material de cubertas ou terrazas.
- Mantemento e actualización das instalacións dos edificios:
 - Substitucións de instalacións privativas dunha vivenda ou local (auga, gas, electricidade, saneamento ou similar).
 - Novas instalacións non encaixadas en elementos estruturais (vigas, piares, paredes mestras etc.).
 - Mantemento de instalacións comúns do edificio (ascensor, caldeiras etc.)
- Mantemento dos acabados interiores dos edificios:
 - En paredes, solos e falsos teitos.
 - Reformas en cocinas ou baños que non modifiquen as divisións interiores.
 - Colocación de cubretendais en patios interiores.

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos municipais de Urbanismo e Servizos Económicos e aos outros do Concello de Santiago relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

DESCRIPCIÓN

Para levar a cabo obras pode ser suficiente presentar este impreso. Porén, será preciso solicitar e obter unha **licenza de obra** para comezar:

1. Todas as obras que se leven a cabo en solo rústico especialmente protexido, no solo non urbanizado (obras e usos provisionais dos arts. 8.3.d TRLS e 102 LOUGA), na Cidade Histórica, en edificios catalogados ou no patrimonio arqueolóxico
2. Obras exteriores ou con vista desde o exterior no perímetro azul, nos Camiños de Santiago ou nas súas zonas de protección.
3. Peches e movementos de terras nas zonas de protección das vías de titularidade municipal nos tramos que pasan por solo rústico e polas ordenanzas 5, 6, 11, 13 e 14.
4. Obras maiores (edificación segundo a LOE, galpóns, muros de contención, grandes movementos de terras e derrubas), acometidas e canalizacións en todo o termo municipal.

O uso pode comezar en canto rematen as obras comunicadas que se realicen nunha vivenda ou que non modifiquen substancialmente unha actividade previamente autorizada/declarada/comunicada. Nos restantes casos será necesario presentar unha **comunicación de apertura**.

INSTRUCCIÓNS PARA ENCHER O IMPRESO

Identifique a parcela con precisión mediante a referencia catastral. Se isto non fose suficiente, debe achegar a documentación gráfica precisa.

Debe identificar a actividade do establecemento polo epígrafe do IAE e coa denominación que ten na normativa deste imposto e, se é o caso, nos anexos do Decreto de avaliación da incidencia ambiental e no Catálogo de espectáculos e actividades recreativas.

Lembre imprimir o impreso a dobre cara, de xeito que a **acreditación técnica** figure na volta da comunicación que asina a persoa interesada. A **acreditación técnica** é imprescindible agás nos casos excepcionais que constan no propio modelo.

Antes de presentar esta comunicación, deberá aboar os tributos municipais (TICO). No impreso debe figurar o núm. de recibo do pagamento presencial (NR/referencia) ou o núm. de expediente do pagamento vía web.

DOCUMENTACIÓN

OBRAS NUNHA VIVENDA: memoria descritiva, orzamento detallado por partidas das obras e instalacións, e reportaxe fotográfica

OBRAS NUN ESTABLECEMENTO/INSTALACIÓN:

A) obras que NON alteran as condicións (urbanísticas, de tranquilidade, seguridade, salubridade ou accesibilidade) dunha licenza/declaración/comunicación de actividade anterior: memoria descritiva, orzamento detallado por partidas das obras e instalacións, e reportaxe fotográfica

B) obras para poñer en marcha unha nova actividade ou que alteren as devanditas condicións:

- actividade clasificada (sometida a avaliación de incidencia ambiental, de espectáculos ou recreativa): deberá obter previamente a licenza de actividade, bastando agora con identificar o expediente na **acreditación técnica**.

- actividade inocua (**non** sometida a avaliación de incidencia ambiental, de espectáculos ou recreativa): memoria descritiva e xustificativa do cumprimento da normativa, orzamento detallado por partidas das obras e instalacións, reportaxe fotográfica e documentación gráfica (planos de planta, alzado e sección a escala non menor de 1:100, con situación de instalacións e maquinaria; e esquema unifilar da instalación eléctrica)

Se é necesario, xuntarse tamén:

- Oficio de dirección de obra.
- Estudo básico de seguridade e saúde (se a obra require traballos en altura).
- Copia da autorización/concesión demanial (cando a obra se vaia levar a cabo nas vías non municipais, liñas ferroviarias, dominio hidráulico ou aeroportuario, ou nas súas zonas de protección).
- Copia da declaración, ditame ou autorización ambiental que sexa preceptiva.

Para máis información pode vostede contactar co Negociado de Obras do Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística:

Praza do Obradoiro, 1. Pazo de Raxoi, 2º andar.

Teléfono: 981 542 420

Correo: informacionurbanismo@santiagodecompostela.org